

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 57/1994, do 25 de marzo, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.

O Decreto 111/1984, do 25 de maio, aprobou o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, dando cumprimento 6 mandato establecido no artigo 9 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

O tempo transcorrido desde a entrada en vigor da devandita disposición, aconsella atemperala á realidade da actuación administrativa actual, realidade que se atopa baseada na experiencia adquirida pola Administración coa utilización de novos e mais modernos sistemas de xestión e a incorporación de técnicas administrativas acordadas coa función encomendada ós poderes públicos.

A dita experiencia permite axilizar os trámites dos traballos preparatorios dos acordos que deben adoptarse polo Consello da Xunta de Galicia, sen menoscabo do rigor que debe presidir estas actuacións e garantir a actuación do Goberno.

En consecuencia, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e catro,

DISPÓNDO:

Artigo 1² Modifícanse os artigos 8.1º e 2º, 10, 12, 15.1º e 4º e 18.3º e 4º do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, que quedan redactados do seguinte teor:

«Artigo 8º

1. Os anteproxectos de leis deberán remitirse a todas as consellerías con dez días de antelación á reunión da Comisión de Secretarios Xerais, debendo acompañar co anteproxecto o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e aqueles outros que en cada caso sexan preceptivos.

2. Os proxectos de disposicións que deban someterse á aprobación do Consello da Xunta de Galicia e das comisións delegadas, remitiranse a consellería proponente ás demais consellerías oito días antes da reunión da Comisión de Secretarios Xerais, xuntando co respectivo proxecto os informes que sexan preceptivos.

Cando se proceda á remisión de proxectos de regulamentos executivos dictados no desenvolvemento de leis, xuntaranse con eles o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

En todo caso e sempre que se trate de disposicións relativas á estrutura orgánica, métodos de traballo e procedementos administrativos ou burocráticos, o informe 6 que se refire o número 2 do artigo 7 deste regulamento, deberá emitilo a Inspección Xeral de Servi-

cios da Consellería da Presidencia e Administración Pública. Se a disposición de que se trate afectase a materia de réxime de persoal, o dito informe emitirao a Dirección Xeral da Función Pública».

«Artigo 10º

1. Os proxectos de acordos que revistan carácter de mero trámite, remitiranse cun prazo de un día de *antelación á reunión da* Comisión de Secretarios Xerais, a todas as consellerías, xuntando con eles os informes que sexan preceptivos.

2. Os proxectos de convenios de cooperación, colaboración e doutros acordos deberán remitirse a todas as consellerías, cunha antelación de catro días á reunión da Comisión de Secretarios Xerais, acompañando, se é o caso, os informes que sexan preceptivos.

3. Non están suxeitos á obriga de reparto previo, os asuntos para información e as propostas de nomeamentos de altos cargos».

«Artigo 12º

As consellerías interesadas en formular observacións ós proxectos de disposicións, convenios e acordos 6s que se refiren os artigos 8 e 10 deste regulamento, deberán formular por escrito as ditas observacións e remitilas 6 Secretariado do Goberno e á consellería afectada con setenta e dúas horas de antelación, como mínimo, á reunión da Comisión de Secretarios Xerais».

«Artigo 15º

1. A orde do día do consello formarase coas propostas que formulen as consellerías dos asuntos que sendo sometidos a estudio da Comisión de Secretarios Xerais merecesen a conformidade dela.

As ditas propostas enviaranse as consellerías respectivas á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública, antes das 12 horas do día anterior á reunión do Consello da Xunta de Galicia.

Formada a orde do día, a Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública — Secretariado do Goberno —, procederá 6 seu reparto a todas as consellerías antes das 14 horas do mesmo día.

4. Salvo indicación escrita en contrario do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, o Secretariado do Goberno non incluírá asunto ningún na orde do día do consello, cando se dea algunha das causas previstas no artigo 15.2º deste regulamento e cando se incumpran as prescricións previstas no presente decreto».

«Artigo 18º

3. A orde do día da Comisión de Secretarios Xerais formarase coas propostas formuladas por cada consellería, dirixidas á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública — Secretariado do Goberno — antes das 12 horas de cada venres.

4. Formada a orde do día, a Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública

—Secretariado do Goberno— procederá ó seu reparto a tódalas consellerías antes das 15 horas do mesmo día.

Non se admitirá, para o seu estudio pola Comisión de Secretarios Xerais, ningún proxecto de disposición de carácter xeral ou de acordo que non cumpra as condicións de tramitación establecidas neste decreto...

Artigo 2º Tódalas referencias que no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, se fan ás secretarías xerais técnicas e ós seus titulares, entenderanse feitas ás secretarías xerais das consellerías e ós secretarios xerais como titulares delas.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dictar cantas disposicións esixa a execución e cumprimento do disposto no presente decreto.

Segunda.-0 presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e estro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 4 de marzo de 1994 pola que se autoriza o cesamento de actividades, no nivel de educación preescolar, do centro privado Montefam, de Barallobre-Fene (A Coruña).

Examinado o expediente incoado pola titularidade do centro privado Montefaro, de Barallobre-Fene (A Coruña), en solicitude de cesamento de actividades, no nivel de educación preescolar, no dito centro.

Resultando que o antedito centro privado obtivo a clasificación definitiva, para o nivel de educación preescolar, por Orde do 24 de setembro de 1974.

Resultando que o expediente foi tramitado regulamentariamente pola Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria de Coruña.

Resultando que a devandita delegación provincial elevou proposta favorable sobre a referida petición,

xuntando o preceptivo informe, así mesmo favorable, da Inspección Técnica de Educación Básica.

Visto o Real decreto 332/1992, do 3 de abril, que regula as autorizacións de cesamento de actividades (BOE do 9).

Considerando que os alumnos do centro non van atopar problemas de escolarización, polo que a continuación de ensino non se prexudica, esta consellería,

DISPÓN:

Autorizar, de acordo cos informes emitidos, o cesamento de actividades, no nivel de educación preescolar no centro privado que se relaciona no anexo da presente orde, quedando nulas e sen ningún efecto as disposicións que autorizan o funcionamento legal do devandito centro.

O que lle comunico a V.I. para o seu cesamento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 1994.

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Ilmo. Sr. Director Xeral de Educación Básica

ANEXO QUE SE CITA

Provincia da Coruña.

Concello: Fene.

Localidade: Barallobre.

Enderezo: lugar de Rego da Moa, 21.

Denominación: Montefaro.

Títular: Fomento de Centros de Enseñanza, S.A.

Autorización do cesamento de actividades, no nivel de educación preescolar, no centro.

Orde do 4 de marzo de 1994 pola que se autoriza o cesamento de actividades do centro privado de educación preescolar La Ría, de Neda (A Coruña).

Examinado o expediente incoado por Carmen Leira Díaz, titular do centro privado de educación preescolar La Ría, de Neda (A Coruña), en solicitude de cesamento de actividades do dito centro.

Resultando que o antedito centro privado obtivo autorización definitiva para 1 unidade de educación preescolar-párulos por Orde do 18 de febreiro de 1986.

Resultando que o expediente foi tramitado regulamentariamente pola Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña.